

BALBORDO NA COCIÑA

Ese día na cociña
armouse a revolución,
abride ben os vosos oídos,
contareivos que pasou!

O garfo non paraba
de picar aos demais,
uníronselle prato e vaso,
coitelo, saleiro e cazo.

“Se faltamos na mesa
sería imposible comer
e as mozas, sen nós,
nada poderían facer”.


Pola contra, o mantel,
que era o máis intelixente,
dicía que todos xuntos
serían máis eficientes.

O coitelo cortoulle:
“Non fales sen coñecer,
somos os máis importantes
e elas débena saber”.



“Tedes que aceptalo todas,
dixo o prato convencido,
os mozos somos mellores
e os máis recoñecidos”.

A culler que tiña
máis cabeza que cintura,
reuniu a todas as mozas,
sen que faltase ningunha.



Entre todas decidiron
que debían actuar
e demostrar aos mozos
que valían por igual.


“Sacaremos adiante
a comida sen a súa axuda,
debemos traballar xuntas
e loitar todas a unha”.

“A escudela suplirá
ao prato no seu labor”.
A solución, a bandexa,
servida tróuxonola.

As servilletas voaron
como avións de papel
e na mesa aterraron
substituíndo ao mantel.



Dúas espetadas, moi unidas,
ofrecéronse a tentar
suplantar ao garfo
na súa función de picar.



A copa coa súa elegancia
dixo estar moi enfadada,
por contar só con ela
en ocasións de gala:

“Eu na mesa ocuparei
o lugar do Sr. Vaso,
aínda que eu sexa moi fina,
fago moi ben o meu traballo”.



“Que risa!”, dixo o saleiro,
coa súa graza habitual,
“cando a carne presenten,
sen nada para cortar!”

A navalla alzou a súa voz
cun ton moi cortante:
“Eu substituirei ao coitelo
que se cre moi importante”.



Os mozos que sentaron
no estante para mirar,
viron como elas lograron
os problemas superar.

“Equivocámonos”,
dixo o cazo con vergoña,
“demostráronnos a todos
unha gran intelixencia”.

Non hai ninguén máis importante,
todos o somos igual,
debemos traballar xuntos,
valorando aos demais.

A partir daquela tarde,
reinou a harmonía na mesa,
os mozos respectáronas
e non houbo máis sorpresas.

